

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE TEO**

ANUNCIO da convocatoria e bases para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha praza de oficial da Policía Local, funcionario de carreira, correspondente á oferta de emprego público do ano 2022.

A Resolución da Alcaldía núm. 1111/2022, do 2 de setembro, aprobou a convocatoria e as bases específicas do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha (1) praza de oficial da Policía Local do Concello de Teo, correspondente á oferta de emprego público 2022, coas seguintes características:

Denominación da praza	Oficial
Réxime	Funcionario de carreira
Unidade/área	Policía local
Escala/subescala	Administración especial/servizos especiais
Grupo/subgrupo	C/C1
Nivel	20
Titulación exixible	Bacharelato ou técnico
Quenda de acceso	Promoción interna
Sistema selectivo	Concurso-oposición
Núm. de vacantes	1

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña nº 173, do 12 de setembro de 2022, publicáronse integramente as bases da convocatoria.

Os sucesivos anuncios relativos ao desenvolvemento do proceso selectivo efectuaranse no taboleiro de anuncios da Corporación, na páxina web municipal e no Portal de transparencia do Concello de Teo: www.teo.gal

Teo, 12 de setembro de 2022

Rafael C. Sisto Edreira
Alcalde

